

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 15 de novembro de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo FSE, e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 129, do 6 de xullo).

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 23 da Resolución do 3 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria, publícanse as subvencións concedidas ao abeiro da citada resolución.

Finalidade da axuda: estas axudas teñen como finalidade fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres, por ser un elemento indispensable na promoción da igualdade de oportunidades, a través das seguintes liñas:

Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

Liña 2: promoción de hábitos de vida saudables, destinada a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de actividades destinadas a esta finalidade.

Liña 3: promoción e accións de prevención da violencia de xénero así como de atención (protección, asistencia e/ou acompañamento) a mulleres que a sofren, destinadas a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de programas dirixidos a calquera destas finalidades.

Norma reguladora: Resolución do 3 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria.



Crédito orzamentario: 29.591,84 euros.

Partida orzamentaria: 04.40.313B.480.0.

Entidades beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: ver anexo.

A Coruña, 15 de novembro de 2012

Ana Lado Eiriz
Xefa territorial da Coruña

ANEXO

Subvencións concedidas:

Crédito asignado: 17.795,61 €.

Liña 1. Consolidación do movemento asociativo

CIF	Entidade	Importes
G15870777	Asociación de Mulleres Rurais A Carballeira	1.500,00 €
G70223417	Asociación Acadar	2.388,75 €
G15945686	Asociación Labregas	3.000,00 €
G70239397	Asociación Rural Mulleres Emprendedoras Arume	1.749,82 €

Liña 2. Promoción de hábitos de vida saudables

CIF	Entidade	Importes
G15932825	Asociación Mulleres Rurais Arume	1.350,00 €
G15173263	Asociación Íntegro	3.000,00 €
G15766918	Asociación Mulleres Rurais A Maristela	2.000,00 €
G70278676	Asociación Apade	1.350,00 €
G15830375	Asociación Cultural Mulleres O Cantón	1.457,04 €

